



## GRUPO DE MONTAÑA COLEXIO APOSTOL SANTIAGO

**MES: xuño**

**DÍA: 5-6-2010**

Queridos amigos:

Seguimos camiñando cara o norte para achegarnos a Santiago de Compostela neste Ano Santo.

Comezaremos a camiñar na carballeira de San Xusto e baixaremos á beira do río Lérez onde aínda quedan os restos dun antigo balneario de augas termais que os veciños da zona empregaban para a curación da soriase.

Por unha fermosa e altiva ponte medieval cruzaremos o río Lérez que desemboca na ría de Pontevedra.

No noso camiñar pasaremos por lugares de grande interese tanto paisaxístico como artístico ou cultural. Os pobos de Festans, Moimenta, Cima de Vila ou Cequeril de Segura, chamarán a nosa atención. Tamén poderemos admirar a estación petroglífica de Paredes, recentemente recuperada do seu anterior abandono.

Antes de chegar a Sebil, final do noso percorrido, teremos que cruzar o río Úmia.

De volta ao colexio todos os participantes na marcha xuntarémonos no comedor de alumnos para disfrutar dunha sabrosa merenda e desta maneira remataremos as actividades senderísticas deste curso 2009-2010.

Agardámovos e recibide un cordial saúdo

Lembrade levar roupa de recambio por si o tempo non nos acompaña, roupa que quedará no autobús.

A inscrición tendes que deixala, **no buzón de paraescolares ou ben mandala por correo (valle.sobrino@colegioapostol.com), antes do día: 3-6-2010, xoves**

Saída: **9:00** da mañá dende o colexio e regreso, **ás 18:00**

**PREZO:** Arredor de 11 euros que se cobrará por conta bancaria (a cuarta persoa do grupo non paga)

**CORTAR POR AQUÍ E DEIXAR NO BUZÓN DE PARAESCOLARES.....**

| <b>INSCRIPCIÓN-Anotámonos a esta actividade</b> |                |
|---|----------------|
| <b>Alumno:</b>                                  |                |
| <b>Curso</b>                                    | <b>Sección</b> |
| <b>Correo electrónico:</b>                      |                |
| <b>Anótase comigo</b>                           |                |